



Sociedade Filarmónica de Monforte

CONCERTO



BAROCCO SEMPRE GIOVANE

CORDA, VENTO E CLAVE

Obras de: A. Corelli, W. A. Mozart, J. S. Bach, A. Vivaldi, J. Pachelbel

Mércres, 16 de Decembro de 2009
às 20:15 h.

CASA DA CULTURA

BAROCCO SEMPRE GIOVANE

7 INSTRUMENTISTAS DE CORDA, VENTO E CLAVE DIRECTOR: JOSEF KRECMAR, Violonchelo

Trátase dunha formación de cámara integrada por representantes da nova xeración de músicos checos graduados na Academia de Música de Praga que, a pesar da súa xuventude, foron premiados en distintos concursos nacionais e internacionais.

Fundada en 2004 polo violonchelista Josef Krecmar veu desenrolando unha continúa e exitosa difusión a nivel profesional das mellores obras de período barroco principalmente, pero tamén do clásico e do moderno. Facendo honra ó nome do grupo o seu interese céntrase na música barroca checa, pero tamén de toda Europa: A. Corelli, P. Locatelli, T. Albinoni, J.S. Bach, G.F. Handel, J. D. Zelenka, J.J. Benda, etc.

O éxito das súas actuacións vese reforzado coa constante e fructífera colaboración con prestixiosos solistas checos coma os oboístas L. Séquardtova e I. Séquardt, e o fagotista L. Hucek, presentes neste concerto, así como os violinistas V. Hudecek e J. Vodicka.

Realizan unha intensa actividade acutando en festivais, concursos e ciclos especializados na música barroca e facendo xiras polo estranxeiro: Alemaña, Austria, Eslovaquia, etc. Graban para a Radio Nacional Checa, actúan en programas para a TV e son solicitados por Casas discográficas.

Josef Krecmar, director e violonchelista.

A súa formación tivo lugar no Conservatorio de música de Pardubice e na Academia de Música de Praga. Como primeiro chelista da Filarmónica de Cámara de Pardubice participou en numerosas xiras por Alemaña, Italia, Austria, Francia, España, Bélxica, EE.UU. e Xapón.

Actualmente e profesor do Conservatorio de Pardubice e, xunto con este labor docente, como director de Barocco Sempre Giovane organiza ciclos de concertos e toda clase de eventos relacionados coa música non só en Pardubice senon en toda a R. Checa.

NOTAS Ó PROGRAMA

Agás o Divertimento en Re Mayor de W.A. Mozart, o concerto que nos ocupa está integrado por catro obras doutros tantos grandes compositores do barroco italiano e alemán, que é tanto como dicir europeo e universal.

Comeza co Celeberrimo Canon en Re Mayor de J. Pachelbel que foi, xunto con Dietrich Buxtehude, un músico moi admirado por J. S. Bach o que supón a plena garantía da súa valía. O canon é unha forma contrapercutística dentro da familia da fuga pero máis estricta no sentido de que o tema secundario e sucesivos deben seguir o principal co máximo rigor. É unha das formas de composición máis difíciles pero tamén máis atractivas.

Arcangelo Corelli foi, con Alessandro Stradella, quen lle deu forma o “Concerto Grosso” como antecedente do concerto con solista que cultivarían todos os clásicos, Mozart, Hayden, Beethoven, etc, os románticos como List, Schuman, Mendelssohn, etc e posteriores. Caracterízase polo diálogo entre o “concertino”, formado por dous ou máis instrumentos, co resto da orquestra chamado “reppieno”. O concerto grosso nº 8 forma parte dos 12 que comprende a OP. 6 L’Estro Armonico, e fíxose célebre non só pola súa categoría musical senon tamén polo subtítulo que o converte no concerto do Nadal por antonomasia. Merece a pena escoitalo aunque sexa só pola “pastorale” do último movemento que nos transporta a un mundo diferente.

Co Divertimento en Re Mayor, Kv 136 de W.A. Mozart, termina a 1ª parte, obra que se acostuma a encuadrar dentro do grupo denominado “casations, divertimentos e serenatas” caracterizado, entre outras cousas, pola liberdade do compositor en canto a instrumentación, dende a formación de cámara, como é o caso presente, ata a sinfónica. Igual ocorre coa elección dos temas e o nº de movementos, sexa como sexa disfrutaremos da sempre inspiradísima invención melódica do xenio de Salzburgo.

Polo que se refire a obra de J. S. Bach que inicia a 2ª parte, trátase do concerto en Re mayor para dous violins e orquestra, polo tanto o nº de catalogo sería BMV 1043, ou unha versión do concerto para dous claves e orquestra BMV 1060, en tono de Do menor. De todos modos consta dos tres movementos que implantara Vivaldi, con un fluído diálogo entre o "concertino" (dos violins) e o resto do grupo e sobre todo coa garantía de calidades do gran Bach.

Termina o programa co Concerto Grosso nº 11 en Re menor para dous violins e violonchelo obrigados, da op. 3 "L'Estro Armonico" (inspiración armónica), de Antonio Vivaldi, máximo expoñente do barroco italiano. Comeza coa intervención, en fortísimo, dos violins solistas e a partir do compás nº 20 entra o violonchelo solo con un tema distinto para a continuación intervir o "rippiens" en prausimo, en belo contraste cos solistas. "Largo e Spicato" e unha deliciosa "siciliana" interpretada polos violins solistas en prausimo que remata coa entrada en forte do violonchelo. O Allegro final iniciase polos violins solistas, con posterior entrada do violonchelo e do conxunto en Tuti, dentro dun clima que podría calificarse de romantico.

En definitiva un concerto para disfrutar plenamente da boa música.

Magin Vázquez González

PROGRAMA

I PARTE

J. Pachelbel, (1653 -1706) Canon en Re

**Arcangelo Corelli
(1653-1713)**

Concerto grosso Nº 8 en Sol menor, Op. 6

"Fatto per la notte di natale"

- Vivace. Grave

- Allegro

- Adagio. Allegro

- Adagio

- Vivace

- Allegro

- Largo (Pastorale). Allegro

W. A. Mozart (1756-1791)

Divertimento en Re M, KV 136

- Allegro

- Andante

- Presto

II PARTE

J. S. Bach (1685 - 1750)

Concierto en Re menor para 2 violines, cuerda y bajo continuo, BWV 1060

- Allegro

- Adagio

- Allegro

A. Vivaldi (1678 - 1741)

Concerto en Re menor para 2 violines, violonchelo, cuerda y clave, Op. 3, RV 565

"L'Estro armonico"

- Allegro

- Adagio

- Largo e spiccato

- Allegro